

LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE

1º Bacharelato



POR QUE ESCOLLELA?

Coñecendo a literatura desta etapa terás a oportunidade de ir adiantando xa no currículo de 2º de Bacharelato, que neste curso é moi extenso. Deste xeito estarás máis preparada/o de cara á nova PAU.

SERÁ DIFÍCIL?

NOOON! Para empezar, non haberá exames. A materia organizarase en pequenos proxectos e a nota de cada avaliación dependerá do teu grao de implicación e da túa creatividade en cada un deles.



PODCAST

Realizaremos podcast con lecturas das obras máis representativas da nosa literatura e iniciaremos na creación de audiolibros.

CINE E AUDIOVISUAIS

Analizaremos aquelas obras literarias que foron levadas ao cine. Coñecerás as principais canles e programas relacionados coa materia e aprenderás a realizar as túas propias montaxes audiovisuais.



EXPOSICIÓNS

Crearemos exposicións sobre os diversos movementos literarios e autores máis representativos da nosa literatura.